

Compra no comercio local

e merca produtos galegos,

GALIZA SAIRÁ GAÑANDO



O BLOQUE NACIONALISTA GALEGO anima a potenciar feiras e mercados, a consumir produtos galegos e a facelo no comercio de proximidade, un sector básico da nosa economía.

Apoiar o comercio de proximidade é unha das mellores maneiras de xerar riqueza, de humanizar as cidades e impedir a desertización das nosas vilas. Está ao noso alcance modificar os hábitos, potenciar a nosa economía e dar saída á produción galega, de gran calidade.

Desde o BNG defendemos que se prestixien os nosos produtos primarios. Apostamos porque os poderes públicos faciliten a súa comercialización en circuítos curtos para garantir o máximo beneficio ás persoas produtoras e que a actividade agrícola, a súa transformación e comercialización sexa un elemento de creación de emprego e de dinamización económica.

Reivindicamos a artesanía, a música, os libros, a cultura, os xoguetes non sexistas, unha importante cantidade de produtos que creamos directamente. O BNG leva tempo alertando sobre a imposición dun monopolio de consumo e de formas de vivir que nos empobrecen e atentan contra a nosa saúde.

As políticas económicas e fiscais regresivas do PP provocaron unha grave crise na demanda, ao que hai que acrecentar as medidas de liberalización comercial que se aproban en Madrid e que o Goberno de Feijóo asume e aplica. Esta situación levou a un grave desequilibrio no sector comercial, con saturación na oferta pola acelerada expansión de grandes superficies, que ameazan a supervivencia do comercio local, que o BNG continuará a apoiar.

Temos un comercio de primeira, que ten un importante papel como dinamizador dos centros das nosas vilas e cidades, que é sustentábel e significa unha aposta de futuro pola calidade, a innovación e a especialización. Ademais diso, os ingresos que xera son reinvestidos na economía local.

Por iso o **BNG aposta por:**

- ☑ incentivar a compra de produtos locais e galegos, con promoción da súa etiquetaxe en lingua galega,
- ☑ opoñerse á instalación de grandes superficies comerciais,
- ☑ promover a produción alternativa e ecolóxica,
- ☑ recuperar os mercados municipais e as zonas comerciais tradicionais,
- ☑ impulsar unha marca de calidade dos produtos da horta galega,
- ☑ promover axudas para implantar ou mellorar establecementos específicos que comercialicen produtos autóctonos,
- ☑ colocar paneis nas entradas das vilas e cidades apoiando o comercio local e convidando a mercar nestes establecementos,
- ☑ regular os horarios comerciais,
- ☑ establecer liñas de créditos prioritarias para o comercio de proximidade.